

Señor/a director/a,

Dende a Concellería de Medio Ambiente do Concello de Sanxenxo como cada verán, intensificamos os esforzos para dar os mellores servizos posibles no referente a recollida de lixo e limpeza publica entre outros, xa que este é un tema de vital importancia para a imaxe dun municipio turístico como o noso.

Pero estes esforzos caeran en saco roto se non existe colaboración cidadán e sobre todo dos establecementos de hostalería, que ademais de ser os principais produtores de residuos sólidos urbanos, tamén son os principais beneficiarios do bo funcionamento do turismo no municipio.

Por iso, queremos pedir un esforzo os hosteleiros das zonas mais concorridas do municipio, recordándolle que deben deixar o lixo en bolsas ben pechadas e sen líquidos, dentro do horario de recollida establecido (se especifica a continuación), e sempre dentro dun colector. No caso de que o colector estea cheo, deberan acudir o seguinte mais próximo, e en ningún caso deixar as bolsas fóra do colector. Con estas medidas, evitaremos lixo ciscado pola rúa por rotura de bolsas por animais (cans, gaivotas), materia orgánica a altas temperaturas dentro dos colectores provocando cheiros, etc.

Ademais conviría colaborar coa separación dos residuos propios da recollida selectiva para diminuír o volume de residuos nos colectores de orgánica e así, separar :

- os envases de plásticos, latas e bricks para o colector amarelo ou colector de vidro soterrado.
- os botes e botellas de vidro, para o iglú verde ou colector de envases soterrado.
- o papel-cartón, para colector azul, ou colector de papel soterrado.

Para a materia orgánica realizaranse tres recollidas diarias, e a franxas horarias nas que podedes deixar os vosos residuos no colector son:

- de 13:30 a 14:30 horas
- de 18:00 a 20:30 horas
- de 22:00 a 23:00 horas

Advertimos que o incumprimento deste escrito pode ocasionar unha falta, contra o regulamento de protección do medio ambiente, limpeza publica e recollida de lixo, ocasionando o seu incumprimento motivo de sanción administrativa.

Aproveito a ocasión para saudalo e pedirlle a súa colaboración en beneficio de todo o municipio.

Atentamente,


Manuel Lopez Méndez
Concelleiro de Medio Ambiente
 ILMO. CONCELLO DE SANXENXO
CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Pontevedra

Sanxenxo, 13 de xullo de 2007